



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### Data e hora de celebración

Xoves, 22 de outubro de 2020, ás 10:30 horas.

### Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

### Asistentes

- **Presidente:** Dona María José Varela Neira, 1ª Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.
- **Vocais:**
  - Dª Sandra Fernández Fernández, Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación
  - Dª. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
  - Dª Mª Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
  - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor da Corporación
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García
- **Técnicos asistentes:**
  - Don José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para as licitacións nº 2020/CONTRAT/000074 e 2020/CONTRAT/000075
  - Dona Isabel Freire Ramos, enxeñeira municipal, para as licitacións nº 2020/CONTRAT/000087 e 2020/CONTRAT/000088
  - Don Carlos Paz Delgado, xefe da área de recadación do Concello de Oleiros, para a licitación nº 2020/CONTRAT/000065
- **Asistentes ao acto público de apertura de criterios sometidos a avaliación automática no contrato “2020/CONTRAT/000075: ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020”:**
  - Dona Yolanda Lago Carrera, en representación da UTE Oleiros Calidade (U-01.874.825)

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na orde do día:





**Orde do día**

**1.- 2020/CONTRAT/000065: ASISTENCIA TÉCNICA NA TAXACIÓN SOBRE VALORES DO SOLO PARA O IIVTNU**

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

**2.- 2020/CONTRAT/000074: COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020**

Acto non público de:

- Ditame sobre emenda de defectos na documentación administrativa presentada por unha empresa.

Acto público de:

- Valoración, se procede, dos sobres nº 1 (criterios subxectivos).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

**3.- 2020/CONTRAT/000075: ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020**

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.





**4.- 2020/CONTRAT/000087: PAVIMENTACIÓN DA RÚA MANUEL MURGUÍA (MCPL01-RT2020)**

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

**5.- 2020/CONTRAT/000088: ACONDICIONAMENTO DE DIVERSAS RÚAS NA URBANIZACIÓN DOS REGOS (MCPL01-RT2020)**

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos).
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede.

**6.- 2020/CONTRAT/000101: EDUCACIÓN EN VALORES II**

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa).
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos).





## 1.- 2020/CONTRAT/000065: ASISTENCIA TÉCNICA NA TAXACIÓN SOBRE VALORES DO SOLO PARA O IIVTNU

Mediante Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2020003000, de 31 de xullo de 2020, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo “ASISTENCIA TÉCNICA NA TAXACIÓN SOBRE OS VALORES DO SOLO PARA O IIVTNU”.

O orzamento da licitación é de 23.632,28 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (4.962,78 €), o que supón un importe de 28.595,06 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de UN (1) ano, prorrogable mediante DÚAS (2) prórrogas de UN (1) ano cada unha, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 75.623,30 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 31 de xullo do 2020.

Rematado o día 17 de agosto de 2020 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
EUROVALORACIONES, S.A.	A03525508	17-08-2020 15:24
VALORACIONES MEDITERRANEO S.A.	A03319530	17-08-2020 10:09

A Mesa de Contratación reunida o día 27 de agosto de 2020 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considerouna correcta; polo que acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XII do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XII do PCAP.

O día 13 de outubro de 2020, o Xefe da Recadación municipal, don Carlos Manuel Paz Delgado, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do devandito informe e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Xa que logo, o técnico designado dá conta do informe emitido en acto público ao que non se presenta ningún asistente; informe que se publicará integramente no Perfil do Contratante xunto coa Acta da Mesa.





Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	MEMORIA
EUROVALORACIONES, S.A.	40,00 / 40,00
VALORACIONES MEDITERRANEO S.A.	15,00 / 40,00

Así, e dado que no Anexo XII do PCAP que rexe a licitación indícase que as empresas que non superen a puntuación mínima do 50% (20,00 puntos) dos puntos asignados na fase coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración subxectivos non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto; a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Excluír a VALORACIONES MEDITERRANEO S.A. desta licitación, ao non superar a puntuación mínima esixida para pasar á fase de valoración de criterios obxectivos.

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación da empresa admitida correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas, contido no sobre número 2.

Unha vez remitida aos servizos económicos da Mesa a oferta presentada para que procedan á súa valoración, estes comprobán que, consonte ao establecido nos pregos, a empresa licitadora atópase en situación de oferta anormalmente baixa. Así, a oferta presentada sería a seguinte:

OFERTA SUXEITA A CRITERIOS DE VALORACIÓN OBXECTIVOS	
OFERTA ECONÓMICA	17.640,00 €
REDUCCIÓN DE PRAZO DE ENTREGA DE INFORMES	O prazo ordinario e o de urxencia fíxanse en 5 días.

E a Mesa de Contratación, vista a apreciación realizada polos servizos económicos, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Que se lle conceda á empresa “EUROVALORACIONES S.A.” un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP; de conformidade coa cláusula 2.2.9 e anexo XIII do prego de cláusulas administrativas particulares.





## 2.- 2020/CONTRAT/000074: COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2020003799, de 25 de setembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo “COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020”. O orzamento da licitación é de 28.742,64 € ao que se lle suma un 21% de IVE (6.035,96 €), o que supón un importe de 34.778,60 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de 1 ano, e non se prevén prórrogas salvo a necesidade excepcional de dar continuidade ao contrato por non terse finalizado as obras contidas no mesmo no prazo de execución previsto. O valor estimado ascende a 33.054,04 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 25 de setembro de 2020.

Rematado o día 13 de outubro de 2020 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación da oferta
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	B81470841	07-10-2020 15:59
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	08-10-2020 17:29
TEPRIL, S.L.	B15719776	12-10-2020 22:35
ATENEA, S.A.U.	A82876905	13-10-2020 11:19
NORMANSYS, S.L.	B70041066	13-10-2020 13:03
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	A24036691	13-10-2020 16:04
CIES ATLANTICO SLU	B27752526	13-10-2020 17:06
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	B15856339	13-10-2020 17:19
Incope Consultores, S.L.	B83665513	13-10-2020 17:56

A Mesa de Contratación reunida o día 15 de outubro de 2020 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa acordou admitir provisionalmente á licitación á empresa CIES ATLANTICO SL (B27752526), concedéndolle un prazo de 3 días para que emende a documentación administrativa presentada mediante a achega do DEUC. A documentación do resto das empresas considerouna correcta; polo que acordou admitilas a esta licitación.





A continuación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XII do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XII do PCAP.

CIES ATLÁNTICO, S.L. (B27752526), dentro do prazo concedido, presenta a documentación que considera oportuna (DEUC) para emenda-los defectos atopados na presentada inicialmente.

O día 21 de outubro de 2020, o arquitecto técnico municipal, don José Luis Jares Vázquez, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do devandito informe e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Previamente, en acto non público, e á vista da documentación presentada por CIES ATLÁNTICO, S.L.; a Mesa adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Admitir definitivamente á presente licitación á empresa CIES ATLANTICO SL (B27752526), ao considerar emendados os defectos atopados na documentación presentada inicialmente.

A continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2.

Xa que logo, o técnico designado, dá conta do informe emitido; informe que se publicará integramente no Perfil do Contratante xunto coa Acta da Mesa.

Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	MEMORIA	PROGRAMA DE TRABALLOS	TOTAL SOBRE 1
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	29 /35,00	8 /10,00	37 /45,00
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	29 /35,00	6 /10,00	35 /45,00
TEPRIL, S.L.	25 /35,00	6 /10,00	31 /45,00
ATENEA, S.A.U.	32 /35,00	8 /10,00	40 /45,00
NORMANSYS, S.L.	28 /35,00	8 /10,00	36 /45,00
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	26 /35,00	7 /10,00	33 /45,00
CIES ATLANTICO SLU	30 /35,00	9 /10,00	39 /45,00
INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR)	25 /35,00	7 /10,00	32 /45,00
INCOPE CONSULTORES, S.L.	28 /35,00	8 /10,00	36 /45,00





A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación das empresas admitidas correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas contidos nos sobres número 2, e remíteos aos servizos económicos da Mesa para que procedan á súa valoración.

Estes comprobán que, consonte ao establecido nos pregos, as empresas licitadoras non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas presentadas.

Así, da avaliación realizada polos servizos económicos resultan as seguintes puntuacións:

NOME DA EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA		MELLORAS		TOTAL SOBRE 2
	Importe	PUNTOS	EBSS e ESS	PUNTOS	
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	19.424,28 €	34,58 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	54,58 /55,00
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	21.143,09 €	33,88 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	53,88 /55,00
TEPRIL, S.L.	22.500,00 €	33,22 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	53,22 /55,00
ATENEA, S.A.U.	18.280,00 €	34,98 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	54,98 /55,00
NORMANSYS, S.L.	21.500,00 €	33,71 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	53,71 /55,00
INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	18.214,21 €	35,00 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	55,00 /55,00
CIES ATLANTICO SLU	19.832,42 €	34,42 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	54,42 /55,00
Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	21.078,00 €	33,91 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	53,91 /55,00
Incope Consultores, S.L.	22.994,11 €	32,94 /35,00	A TOTALIDADE	20,00 /20,00	52,94 /55,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE 1	TOTAL SOBRE 2	TOTAL
1	ATENEA, S.A.U.	A82876905	40,00 /45,00	54,98 /55,00	94,98 /100,00
2	CIES ATLANTICO SLU	B27752526	39,00 /45,00	54,42 /55,00	93,42 /100,00
3	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	B81470841	37,00 /45,00	54,58 /55,00	91,58 /100,00
4	NORMANSYS, S.L.	B70041066	36,00 /45,00	53,71 /55,00	89,71 /100,00
5	Incope Consultores, S.L.	B83665513	36,00 /45,00	52,94 /55,00	88,94 /100,00
6	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	35,00 /45,00	53,88 /55,00	88,88 /100,00







7	INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A.U. (INCOSA)	A24036691	33,00 /45,00	55,00 /55,00	88,00 /100,00
8	Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	B15856339	32,00 /45,00	53,91 /55,00	85,91 /100,00
9	TEPRIL, S.L.	B15719776	31,00 /45,00	53,22 /55,00	84,22 /100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado “COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020” á empresa ATENEA, S.A.U. (A82876905 polo importe de 18.280,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





**3.- 2020/CONTRAT/000075: ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020**

Mediante Resolución da Primeira Tenente da Alcaldía nº 2020003710, de 23 de setembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo “ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PÚBLICAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020”. O orzamento da licitación é de 75.875,10 € ao que se lle suma un 21% de IVE (15.933,77 €), o que supón un importe de 91.808,87 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de 2 anos, non prevéndose a prórroga salvo a necesidade excepcional de dar continuidade ao contrato por non terse finalizado as obras contidas no mesmo no prazo de execución previsto. O valor estimado ascende a 91.050,12 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 23 de setembro de 2020.

Rematado o día 8 de outubro de 2020 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación da oferta
UTE OLEIROS CALIDADE	U01874825	07-10-2020 17:03
G.O.C., S.A.	A32022535	08-10-2020 13:22
CONSULTORA DE INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA SL	B15952369	08-10-2020 14:58
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	08-10-2020 17:01

A Mesa de Contratación reunida o día 15 de outubro de 2020 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considerouna correcta; polo que acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XII do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo XII do PCAP.

O día 21 de outubro de 2020, o arquitecto técnico, don José Luis Jares Vázquez, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.





Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Xa que logo, o técnico designado, dá conta do informe emitido en acto público ao que se presenta dona Yolanda Lago Carrera, en representación da UTE Oleiros Calidade (U-01.874.825); informe que se publicará integramente no Perfil do Contratante xunto coa Acta da Mesa.

Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	METODOLOXÍA DE TRABALLO	PROGRAMA DE ENSAIOS	TOTAL SOBRE 1
UTE OLEIROS CALIDADE	34,75 /35,00	10,00 /10,00	44,75 /45,00
G.O.C, S.A.	22,00 /35,00	9,00 /10,00	31,00 /45,00
CONSULTORA DE INGENIERIA, MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L. (CIMARQ)	18,00 /35,00	8,00 /10,00	26,00 /45,00
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	24,75 /35,00	9,00 /10,00	33,75 /45,00

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación das empresas admitidas correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas, contidos nos sobres número 2 e remíteos aos servizos económicos da Mesa para que procedan á súa valoración.

Estes comprobán que, consonte ao establecido nos pregos, as empresas licitadoras non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas presentadas.

Así, da avaliación realizada polos servizos económicos resultan as seguintes puntuacións:

		UTE OLEIROS CALIDADE	G.O.C, S.A.	CIMARQ, S.L.	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE (sen IVE)	57.133,95 €	62.346,57 €	57.665,08 €	59.736,47 €
	PUNTUACIÓN	26,00 /26,00	25,16 /26,00	25,92 /26,00	25,61 /26,00
ESTABILIDADE NO EMPREGO	%	75,00%	56,16%*	71,00%	65,16%
	PUNTUACIÓN	10,00 /10,00	7,49 /10,00	9,47 /10,00	8,69 /10,00
PRESENCIA EN OBRA	DÍAS	5	5	5	5
	PUNTUACIÓN	10,00 /10,00	10,00 /10,00	10,00 /10,00	10,00 /10,00
REALIZACIÓN DE ENSAIOS	%	50,00%	50,00%	35,00%	50,00%
	PUNTUACION	9,00 /9,00	9,00 /9,00	6,3 /9,00	9,00 /9,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2		55,00 /55,00	51,65 /55,00	51,69 /55,00	53,30 /55,00

\* En canto á porcentaxe atribuída no criterio de estabilidade do emprego a G.O.C., S.A., na súa oferta consta o seguinte:





Número global de persoas traballadoras	73
Número de persoas traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa	41
Porcentaxe de persoal fixo sobre o total	71,40%

Así, detéctase por parte dos servizos técnicos un erro nos cálculos realizados, sendo a porcentaxe correcta cos datos ofrecidos a dun 56,16% de persoal fixo sobre o total da empresa, cifra que se utiliza para realizar a valoración da oferta e dando corrección así ao erro aritmético.

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE 1	TOTAL SOBRE 2	TOTAL
1	UTE OLEIROS CALIDADE	U01874825	44,75 /45,00	55,00 /55,00	99,75 /100,00
2	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	B15044357	33,75 /45,00	53,30 /55,00	87,05 /100,00
3	G.O.C, S.A.	A32022535	31,00 /45,00	51,65 /55,00	82,65 /100,00
4	CONSULTORA DE INGENIERIA, MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L.	B15952369	26,00 /45,00	51,69 /55,00	77,69 /100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS PÚBLICAS INCLUÍDAS NA MCPL01-RT2020" á empresa UTE OLEIROS CALIDADE (U01874825) polo importe de 57.133,95 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





**4.- 2020/CONTRAT/000087: PAVIMENTACIÓN DA RÚA MANUEL MURGUÍA (MCPL01-RT2020)**

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2020003700, de 22 de setembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra "PAVIMENTACIÓN DA RÚA MANUEL MURGUÍA (MCPL01-RT2020)". O orzamento da licitación é de 183.243,90 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (38.481,22 €), o que supón un importe de 221.725,12 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de DOUS (2) meses, sen posibilidade de prórroga salvo causas imprevistas. O valor estimado ascende a 201.568,29 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 22 de setembro do 2020.

Rematado o día 13 de outubro de 2020 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A15008485	13-10-2020 12:33
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	13-10-2020 16:43
HORDESCON, S.L.	B32108334	13-10-2020 17:52
CANARGA, S.L.	B15360902	13-10-2020 18:27
VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	B15618598	13-10-2020 18:27

A Mesa de Contratación reunida o 15 de outubro de 2020 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado "Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa".

Con respecto á documentación administrativa e unha vez comprobada, a Mesa acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo X do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo X do PCAP.

O día 20 de outubro de 2020, a enxeñeira municipal dona Isabel María Freire Ramos, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".





Xa que logo, o técnico designado, dá conta do informe emitido en acto público ao que non se presenta ningún asistente; informe que se publicara íntegramente no Perfil do Contratante xunto coa Acta da Mesa.

Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	PROGRAMA DE TRABALLO
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	23,00 / 25,00
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	25,00 / 25,00
HORDESCON, S.L.	16,00 / 25,00
CANARGA, S.L.	20,00 / 25,00
VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	18,00 / 25,00

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación das empresas admitidas correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas, contido nos sobres número 2 e remíteos aos servizos económicos da Mesa para que procedan á súa valoración.

Estes comprobán que, consonte ao establecido nos pregos, as empresas licitadoras non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas presentadas.

Así, da avaliación realizada polos servizos económicos resultan as seguintes puntuacións:

		ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	HORDESCON, S.L.	CANARGA, S.L.	VÁZQUEZ Y REINO
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE (sen IVE)	174.081,70 €	164.920,00 €	158.377,70 €	170.082,64 €	177.437,37 €
	PUNTUACIÓN	22,62 /25,00	24,25 /25,00	25,00 /25,00	23,46 /25,00	21,62 /25,00
INCREMENTO PRAZO GARANTÍA	INCREMENTO	0 anos	4 anos	4 anos	4 anos	4 anos
	PUNTUACIÓN	0,00 /20,00	20,00 /20,00	20,00 /20,00	20,00 /20,00	20,00 /20,00
MELLORAS	INCREMENTO MBQ	NON	SI	SI	SI	SI
	PUNTUACIÓN	0,00 /5,00	5,00 /5,00	5,00 /5,00	5,00 /5,00	5,00 /5,00
	INCREMENTO CAPA RODADURA	NON	SI, 2 CM	SI, 2 CM	SI, 2 CM	SI, 2 CM
	PUNTUACIÓN	0,00 /15,00	15,00 /15,00	15,00 /15,00	15,00 /15,00	15,00 /15,00
	RECRECIDO DE TAPAS	NON	SI	NON	SI	SI
	PUNTUACIÓN	0,00 /10,00	10,00 /10,00	0 /10,00	10,00 /10,00	10,00 /10,00
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2		22,62 /75,00	74,25 /75,00	65,00 /75,00	73,46 /75,00	71,62 /75,00





Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE 1	TOTAL SOBRE 2	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	B15072713	25,00 /25,00	74,25 /75,00	99,25 /100,00
2	CANARGA, S.L.	B15360902	20,00 /25,00	73,46 /75,00	93,46 /100,00
3	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	B15618598	18,00 /25,00	71,62 /75,00	89,62 /100,00
4	HORDESCON, S.L.	B32108334	16,00 /25,00	65,00 /75,00	81,00 /100,00
5	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A15008485	23,00 /25,00	22,62 /75,00	45,62 /100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Propoñerlle, ao órgano de contratación a adjudicación do contrato de obra denominado “PAVIMENTACIÓN DA RÚA MANUEL MURGUÍA (MCPL01-RT2020)” á empresa CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L. (B15072713) polo importe de 164.920,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto aprobado e coa oferta presentada.





5.- 2020/CONTRAT/000088: **ACONDICIONAMENTO DE DIVERSAS RÚAS NA URBANIZACIÓN DOS REGOS (MCPL01-RT2020)**

Mediante Decreto da Alcaldía nº 2020003706, de 22 de setembro, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da obra “ACONDICIONAMENTO DE DIVERSAS RÚAS NA URBANIZACIÓN OS REGOS (MCPL01-RT2020)”. O orzamento da licitación é de 227.839,11 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (47.846,21 €), o que supón un importe de 275.685,32 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de CINCO (5) meses, sen posibilidade de prórroga salvo causas imprevistas. O valor estimado ascende a 250.623,01 €.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 22 de setembro do 2020.

Rematado o día 13 de outubro de 2020 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	13-10-2020 10:02
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A15008485	13-10-2020 13:02
MANUEL RIVAS BOQUETE S.L.	B15066012	13-10-2020 16:41
VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	B15618598	13-10-2020 17:55

A Mesa de Contratación reunida o 15 de outubro de 2020 procedeu, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa e unha vez comprobada, a Mesa acordou admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procedeu á apertura da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo X do PCAP e acordou remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que fosen avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no citado Anexo X do PCAP.

O día 21 de outubro de 2020, a enxeñeira municipal dona Isabel María Freire Ramos, emite informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor.

Procedería que, neste acto, a Mesa tome coñecemento do devandito informe e proceda, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.







Xa que logo, o técnico designado, dá conta do informe emitido en acto público ao que non se presenta ningún asistente; informe que se publicara íntegramente no Perfil do Contratante xunto coa Acta da Mesa.

Do informe emitido extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	PROGRAMA DE TRABALLO
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	22,00 / 25,00
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	20,00 / 25,00
MANUEL RIVAS BOQUETE S.L.	25,00 / 25,00
VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	16,00 / 25,00

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación das empresas admitidas correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas, contido nos sobres número 2 e remíteos aos servizos económicos da Mesa para que procedan á súa valoración.

Estes comprobán que, consonte ao establecido nos pregos, as empresas licitadoras non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa. Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación proceden a valorar e puntuar as ofertas presentadas.

Así, da avaliación realizada polos servizos económicos resultan as seguintes puntuacións:

		CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	ARIAS INFRAESTRUCTURA S, S.A.	MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.
OFERTA ECONÓMICA	IMPORTE (sen IVE)	216.445,00 €	188.726,15 €	211.884,30 €	211.978,36 €
	PUNTUACIÓN	22,10 /25,00	25,00 /25,00	22,86 /25,00	22,84 /25,00
INCREMENTO PRAZO GARANTÍA	INCREMENTO	4 anos	4 anos	4 anos	4 anos
	PUNTUACIÓN	25,00 /25,00	25,00 /25,00	25,00 /25,00	25,00 /25,00
MELLORAS	FORMIGÓN COLOREADO	SI	SI	SI	SI
	PUNTUACIÓN	12,50 /12,50	12,50 /12,50	12,50 /12,50	12,50 /12,50
	TUBOS REDE ALUMEADO	SI	SI	SI	SI
	PUNTUACIÓN	12,50 /12,50	12,50 /12,50	12,50 /12,50	12,50 /12,50
<b>PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 2</b>		<b>72,10 /75,00</b>	<b>75,00 /75,00</b>	<b>72,86 /75,00</b>	<b>72,84 /75,00</b>

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:





POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL SOBRE 1	TOTAL SOBRE 2	TOTAL
1	MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L.	B15066012	25,00 /25,00	72,86 /75,00	97,86 /100,00
2	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A15008485	20,00 /25,00	75,00 /75,00	95,00 /100,00
3	CONSTRUCC. LOPEZ CAO, S.L.	B15072713	22,00 /25,00	72,10 /75,00	94,10 /100,00
4	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	B15618598	16,00 /25,00	72,84 /75,00	88,84 /100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado “ACONDICIONAMENTO DE DIVERSAS RÚAS NA URBANIZACIÓN OS REGOS (MCPL01-RT2020)” á empresa MANUEL RIVAS BOQUETE, S.L. (B15066012) polo importe de 211.884,30 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co proxecto aprobado e coa oferta presentada.





## 6.- 2020/CONTRAT/000101: EDUCACIÓN EN VALORES II

Mediante Decreto 2020003913, de 2 de outubro, aprobouse o procedemento para a contratación da execución do contrato de "EDUCACION EN VALORES II", por procedemento aberto. O orzamento da licitación é de 96.800 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (20.328,00 €), o que supón un importe de 117.128,00 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de dous (02) anos, prorrogable mediante dúas (02) prórrogas de un (01) ano cada unha. O valor estimado ascende a 212.960,00 €.

Esta licitación desagregase nos seguintes lotes:

	Orzamento sen IVE	IVE (21%)	Total
LOTE 1	6.800,00 €	1.428,00 €	8.228,00 €
LOTE 2	70.000,00 €	14.700,00 €	84.700,00 €
LOTE 3	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €
TOTAIS	96.800,00 €	20.328,00 €	117.128,00 €

Para os efectos de presentación de ofertas, publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 5 de outubro do 2020.

Rematado o día 20 de outubro de 2020 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación da oferta	Lotes aos que se presenta
ASEDUC	G70067830	19-10-2020 19:51	1, 2 e 3
DINAMO Xestión de Actividades Socioculturais SL	B70084272	19-10-2020 20:36	1
A BILLARDA S.L.	B27278845	20-10-2020 13:03	2 e 3
FUNDACIÓN ECCA - c/ Bugallal Marchesi 9 bj A 15008 A Coruña)	G35103431	20-10-2020 17:27	3
ESPROADE, S.L.	B15664816	20-10-2020 17:39	3
UTE ENSINO LONDON LUCASER	B15272537	20-10-2020 17:44	2

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado "Documentación administrativa". Con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	ASEDUC	DINAMO	A BILLARDA	ECCA	ESPROADE	UTE ENSINO LONDON LUCASER
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	NON PRESENTA
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	NON PRESENTA





	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	NON PRESENTA
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	NON PRESENTA
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	NON PRESENTA
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Estar prerrexistrado no ROLECE		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non haber sido adxudicatario dos contratos anteriores de dirección e/ou supervisión da obra		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Da apertura da documentación administrativa, a Mesa de Contratación observa que a empresa “UTE ENSINO LONDON LUCASER” non presenta as autorizacións e declaracións conforme ao modelo que se acompaña como anexo IV do prego de cláusulas administrativas.

Dado que se trata dun defecto subsanable, e en aras de darlle a maior celeridade posible ao procedemento, a Mesa de Contratación decide continuar coa apertura e, no caso de que a empresa “UTE ENSINO LONDON LUCASER” sexa finalmente a proposta como adxudicataria do lote ao que se presenta, que se lle requira o anexo IV debidamente cuberto no momento de requirirille a documentación a que se refire o art. 150.2 LCSP e cláusula 2.3.2. do prego.

Xa que logo, a Mesa procede á apertura dos sobres núm. 2, que conteñen a documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no Anexo XIII PCAP.

Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XIII PCAP, e que consiste nun proxecto educativo

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

**SEGUNDO.-** No caso de que a empresa “UTE Ensino London Lucaser” resulte proposta como adxudicataria do lote ao que se presenta, que se lle requira a emenda dos defectos atopados na documentación presentada xunto cos documentos a que fai referencia a cláusula 2.3.2. do prego de cláusulas administrativas.

**TERCEIRO.-** Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que





CONCELLO DE  
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**  
Contratación e Patrimonio

sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe do Presidente.

**En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación dona María José Varela Neira.**

